

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*EXTRACTO da Orde do 24 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á reestruturación e reconversión da viña en Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MR446A).*

BDNS (Identif.): 554937.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

##### Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas viticultoras e futuros viticultores cuixos viñedos se destinan á produción de uva para vinificación.

2. Non poderán ser beneficiarios:

a) Aquelas persoas viticultoras que contraveñan a normativa vixente en materia de plantacións de viña, para calquera das superficies de viña da súa explotación.

b) Aquelas persoas viticultoras que renunciasen á axuda dunha operación solicitada en convocatorias anteriores no marco do PASVE 2019-2023, unha vez aprobada, excepto que comunicasen a súa renuncia no prazo de 10 días desde a súa notificación.

c) Aquelas persoas viticultoras que non solicitasen o pagamento dunha operación, unha vez finalizado o prazo para presentar a solicitude de pagamento dentro do segundo exercicio financeiro posterior ao que se solicitou a axuda, salvo causas de forza maior e circunstancias excepcionais que poden recoñecerse conforme os casos previstos no punto 2 do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.

##### Segundo. *Obxecto*

1. Establecer as bases reguladoras das axudas á reestruturación e reconversión da viña en Galicia e realizar a súa convocatoria para 2021, en réxime de concorrencia competitiva.



2. O apoio para esta medida aplicarase ás viñas de Galicia destinadas á producción de uva para vinificación cuxas persoas viticultoras non contradigan a normativa vixente en materia de plantacións para calquera das superficies de viña das súas explotacións.

#### Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 24 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á reestruturación e reconversión da viña en Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MR446A).

Esta medida de reestruturación e reconversión das viñas levarase a cabo a través de solicitudes colectivas (mínimo de cinco persoas viticultoras) e/ou individuais.

Poderá subvencionarse unha ou varias das seguintes actuacións:

- a) Reimplantación de viñas.
- b) Reconversión varietal.
- c) Mellora das técnicas de xestión de viñas.

#### Cuarto. *Importe*

Estas axudas finánziaas a Unión Europea, na súa totalidade, a través do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga 100 %): 3.000.000 €.

As axudas poderán ser de:

- a) Compensación pola perda de ingresos (2.226 euros/ha e campaña, de ser o caso).
- b) Custos de reestruturación e reconversión da viña (50 % dos custos subvencionables).

#### Quinto. *Prazo para presentar as solicitudes*

O prazo para presentar as solicitudes será dun mes, que se contará desde o día seguinte ao de publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

Silvestre José Balseiros Guinarte  
Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

